

MINISTERIO DE ECONOMÍA

- 5927** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios. («BOE» 80, do 2-4-2004.)*

Advertido erro no Real decreto 300/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do seguro de riscos extraordinarios, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 4, do 1 de marzo de 2004, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 968, segunda columna, artigo 4, alínea b), o derradeiro inciso debe ter a redacción seguinte:

«Así mesmo, enténdense incluídas, (...) conforme a Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.»

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

- 6226** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade. («BOE» 84, do 7-4-2004.)*

Advertidos erros no Real decreto 290/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan os enclaves laborais como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 4, do 1 de marzo de 2004, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 893, primeira columna, no artigo 10.1, onde di: «... o disposto no capítulo VI do Real decreto 1368/1985, do 17 de xullo...», debe dicir: «... o disposto no capítulo IV do Real decreto 1368/1985, do 17 de xullo...».

Na páxina 893, primeira columna, no artigo 10.2, onde di: «O disposto no artigo 5.6...», debe dicir: «O disposto no artigo 5.5...».

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

- 6292** *REAL DECRETO 439/2004, do 12 de marzo, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital local. («BOE» 85, do 8-4-2004.)*

O artigo 3.1 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, establece que lle corresponde ao Goberno a aprobación do Plan técnico nacional da televisión dixital local á vista das solicitudes presentadas polas comunidades autónomas, e tendo en conta as frecuencias dispoñibles. Unha frecuencia encón-

trase dispoñible cando, utilizada nunha estación de radio-comunicacións con características específicas, resulta radioelectricamente compatible con outras estacións legalmente establecidas, é dicir, non provoca interferencias sobre outras estacións nin recibe a interferencia delas.

A disposición transitoria segunda.1 da mencionada lei concedeu un prazo, que finalizou o 31 de marzo de 2003, para que os órganos competentes das comunidades autónomas presentasen as súas solicitudes de televisión dixital local. As solicitudes presentadas polas comunidades autónomas solicitan a cobertura da práctica totalidade da poboación en cada un dos seus respectivos ámbitos territoriais autonómicos.

Por outra parte, o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, de acordo coa disposición adicional cuaxadaxésimo cuarta da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, determinou as bandas de frecuencias destinadas á televisión dixital terrestre e, en particular, aos transmisores de cobertura local. Estas bandas de frecuencias, atribuídas internacionalmente ao servizo de televisión, encóntranse amplamente utilizadas en España por estacións de televisión con tecnoloxía analóxica, e esta circunstancia manterase ata o cesamento das súas emisións, inicialmente prevista para antes do 1 de xaneiro de 2012.

Polo tanto, na actualidade, as frecuencias dispoñibles para atender as solicitudes das comunidades autónomas son escasas, tanto polo elevado número total das demarcacións solicitadas como, en xeral, pola súa ampla extensión xeográfica que, en ocasións, presentan un terreo tan irregular e conteñen unhas localidades tan dispersas que non resulta posible determinar unha canle múltiple, radioelectricamente compatible, que asegure a cobertura de todas elas.

Na medida en que a capacidade do espectro o permita, o Plan técnico nacional da televisión dixital local establece as canles múltiples para obter a cobertura das capitais de provincia e autonómicas e dos municipios cunha poboación de dereito superior a 100.000 habitantes. Non obstante, na práctica, a posta en servizo dalgunhas destas canles múltiples requirirá a previa modificación das canles de emisión de estacións de televisión analóxica. Na actualidade, resulta difícil determinar as estacións de televisión analóxica que se verán afectadas porque depende das localizacións reais onde se sitúen as estacións de televisión dixital local e das súas características técnicas de radiación proxectadas, polo que a súa identificación se realizará cando se coñezan esas variables a partir dos proxectos técnicos das instalacións.

Adicionalmente, o plan considera tamén a cobertura de municipios con poboación inferior a 100.000 habitantes cando foi posible determinar frecuencias dispoñibles ou se prevé unha próxima dispoñibilidade de frecuencias. Novamente, é posible que a posta en servizo dalgunhas estacións de televisión dixital local requira a previa modificación das canles de emisión de estacións de televisión analóxica.

Conforme o artigo 4 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, o Plan técnico nacional da televisión dixital local establece o ámbito de cobertura de cada canle múltiple. Estes ámbitos de cobertura están constituídos polos termos municipais dunha ou máis localidades.

Conforme o artigo 3.3 do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, na medida en que a capacidade do espectro radioelctrico o permita, poderanse determinar ata dúas canles múltiples para estacións de

televisión dixital terrestre de cobertura local. Algunhas comunidades autónomas solicitaron máis dunha canle múltiple para a cobertura de determinadas localidades; no entanto, en xeral, esta demanda non puido ser atendida polo impacto sobre estacións de televisión analóxica que terían que modificar a súa canle de emisión en zonas de forte conxestión radioelétrica mentres subsistan ambas as tecnoloxías. Nestas situacións, un cambio de canle nunha estación provocaría outros cambios de canle encadeados noutras estacións, mesmo máis alá do ámbito xeográfico da demarcación solicitada.

Aínda que as necesidades de coberturas de ámbito local formuladas polas comunidades autónomas superan a capacidade do espectro radioelétrico dispoñible nas bandas de frecuencias atribuídas internacionalmente ao servizo de televisión, debido á súa utilización actual por estacións de televisión analóxica, pretendeuse satisfacer, no maior grao posible, os obxectivos de cobertura local tendo en conta a orografía do terreo e considerando as peculiares características desta tecnoloxía, que permite agrupar localidades relativamente próximas para seren cubertas coa mesma canle múltiple. As necesidades non satisfeitas poden ser reconsideradas cando se produza o cesamento das emisións de televisión con tecnoloxía analóxica.

Nalgunhas demarcacións, para obter a cobertura completa de toda a zona de servizo será necesaria a instalación de máis dunha estación na mesma canle múltiple, constituíndo unha rede de frecuencia única.

Neste sentido, convén recordar que, conforme o artigo 3.2 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, cada canle múltiple terá capacidade para a difusión de, polo menos, catro programas de televisión dixital, incluídos os datos asociados a cada programa. O número de programas de televisión en cada canle múltiple é función de parámetros técnicos tales como a modulación das portadoras, a taxa de codificación fronte a erros e o intervalo de garda entre símbolos, que non se impoñen polo Plan técnico nacional da televisión dixital local.

En definitiva, o Plan técnico nacional da televisión dixital local baséase nas necesidades presentadas polas comunidades autónomas, considerando a capacidade actual do espectro de frecuencias radioelétricas atribuídas ao servizo de televisión, tendo en conta a súa ampla ocupación por estacións de televisión analóxica legalmente establecidas, e as limitacións derivadas da coordinación internacional, así como a compatibilidade radioelétrica entre comunidades autónomas adxacentes, preservando o dereito ao acceso equitativo aos recursos espectrais de todas elas. Enténdese que este dereito significa que as solicitudes de cada comunidade autónoma non poden ir en detrimento das solicitudes das comunidades estremeiras.

Un caso particular da planificación radioelétrica constitúeno as cidades de Ceuta e Melilla pola súa situación costeira, nunha zona en que se presentan fenómenos de propagación intensa sobre traxectos marítimos cálidos, e polas dificultades de coordinación radioelétrica internacional. A cobertura da televisión dixital local nestas dúas cidades obtense aproveitando a capacidade dispoñible das canles múltiples incluídas no Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, para a cobertura territorial autonómica.

Unha vez elaborado o proxecto de Plan técnico nacional da televisión dixital local, de conformidade co artigo 24.1 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, foi verificado o trámite de audiencia ás comunidades autónomas e tomadas en consideración as súas alegacións.

En segundo lugar, este real decreto establece a data de inicio das emisións de televisión, con tecnoloxía dixi-

tal, polos entes públicos xestores das terceiras canles autonómicas, que se deberá producir antes do 1 de xaneiro de 2005, así como as obrigas de cobertura das súas emisións dixitais. Tamén se establecen as obrigas de identificación dos programas incluídos en cada canle e se precisan as obrigas de cobertura das entidades concesionarias do servizo público de televisión dixital terrestre de ámbito nacional, que non sexan titulares doutra concesión obtida conforme o previsto na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada. Para isto, introdúcese unha nova disposición transitoria cuarta ao Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, no sentido de establecer unha obriga de cobertura ao 25 por cento da poboación nacional, ata que o grao de penetración da tecnoloxía dixital alcance o 20 por cento e, en todo caso, deberán incorporarse á fase de introdución que na data do 31 de decembro de 2006 sexa de aplicación. A avaliación da porcentaxe de grao de penetración da tecnoloxía dixital será realizada pola Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, logo do informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Por último, establécense outras normas reguladoras do dominio público radioelétrico, como a competencia da Axencia Estatal de Radiocomunicacións para modificar as canles de emisión das estacións de televisión, tanto con tecnoloxía analóxica como dixital, cando se requira por compatibilidade radioelétrica entre estacións ou por coordinación radioelétrica internacional. Esta competencia, así como as restantes que se lle atribúen nesta disposición á citada Axencia, será efectuada polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, mentres non se constitúa efectivamente o dito organismo autónomo.

De conformidade coas competencias atribuídas polo artigo 149.1.21.^a da Constitución, e os artigos 43 e 44 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, a elaboración e aprobación dos plans de utilización do espectro radioelétrico correspóndelle ao Estado, e apróbaas o Goberno, o que neste caso se efectúa ao abeiro da disposición transitoria segunda.2 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres. Pola súa banda, a disposición adicional sexta dítase ao abeiro da competencia estatal prevista polo artigo 149.1.27.^a da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de marzo de 2004,

DISP O Ñ O :

Artigo 1. Aprobación do Plan técnico nacional da televisión dixital local.

1. De conformidade coas competencias exclusivas atribuídas ao Estado polo artigo 149.1.21.^a da Constitución, e de acordo co previsto no artigo 44.1.b) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e o artigo 3.1 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, apróbase o Plan técnico nacional da televisión dixital local, que se insire a continuación deste real decreto.

2. Cando finalice o prazo a que se refire o número 5 da disposición transitoria segunda da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, ou, como máis tarde, cando se produza o cesamento das emisións de televisión analóxica a que se refire o artigo 2.3 do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, unha vez que exista maior dispoñibilidade de frecuencias, convocaranse novamente todas as comu-

nidades autónomas para que presenten necesidades adicionais de frecuencias para televisión dixital local; en particular, con vistas a incorporar as localidades non cubertas debido á falta de frecuencias dispoñibles e a que a súa poboación de dereito ou a superficie da zona de servizo non se encontra dentro dos límites establecidos polo artigo 3.3 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.

Artigo 2. *Reserva provisional de frecuencias.*

A canle múltiple adxudicada a cada demarcación polo Plan técnico nacional da televisión dixital local ten a consideración de reserva provisional de frecuencias a que se refire o artigo 10.1 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres.

Artigo 3. *Características técnicas.*

1. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, e o disposto no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, correspóndelle á Axencia Estatal de Radiocomunicacións establecer as características técnicas das estacións de televisión dixital local tales como potencia radiada aparente, polarización das emisións, altura da antena, inclinacións do sistema radiante e diagrama de atenuacións da antena, así como aprobar os proxectos técnicos das instalacións. As solicitudes de aprobación dos proxectos técnicos das instalacións, que deberán cumprir as características técnicas establecidas pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións e ser conformes co Plan técnico nacional da televisión dixital local, presentaranse ante o órgano competente da comunidade autónoma, para a súa remisión por esta á Axencia Estatal de Radiocomunicacións. Esta terá un prazo de tres meses para examinar os proxectos técnicos e notificar a resolución.

2. En conformidade co disposto polo artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcorrido o prazo sinalado no punto anterior sen que se notificase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entender desestimadas as súas solicitudes de aprobación dos proxectos técnicos por silencio administrativo negativo.

3. Cando as características técnicas das estacións deban ser modificadas por compatibilidade radioelétrica, por uso eficiente do espectro radioelétrico ou por coordinación radioelétrica internacional, serán notificados tanto os adxudicatarios coma o órgano competente da comunidade autónoma, de acordo co procedemento previsto polo artigo 45.5 da Lei 32/2003, do 3 de novembro.

Artigo 4. *Instalación de máis dunha estación.*

1. Conforme co establecido no artigo 20 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, será precisa autorización previa do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información cando, para obter a cobertura completa de toda a zona de servizo, fose necesaria a instalación de máis dunha estación. A tramitación da solicitude de autorización, que se poderá incorporar ao proxecto técnico das instalacións, realizarase a través do órgano competente da comunidade autónoma. O prazo para outorgar a autorización a que se refire este punto e para notificar a resolución será de tres meses.

2. De conformidade co disposto polo artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento admi-

nistrativo común, transcorrido o prazo sinalado no punto anterior sen que se notificase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entenderen desestimadas as súas solicitudes de autorización por silencio administrativo negativo.

Artigo 5. *Número de programas en cada canle múltiple.*

1. Conforme o establecido no artigo 3.2 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, cada canle múltiple terá capacidade para a difusión de, polo menos, catro programas de televisión dixital.

2. En función do desenvolvemento tecnolóxico, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán establecer un número maior de programas de televisión dixital en cada canle múltiple de cobertura local, sempre e cando se asegure unha calidade de servizo satisfactoria.

Artigo 6. *Servizos adicionais de datos.*

1. A explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas están sometidas aos requisitos e ás condicións establecidos na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. Na prestación dos servizos adicionais de datos poderase destinar ata un 20 por cento da capacidade de transmisión dixital da canle múltiple, sempre e cando se asegure unha calidade de servizo satisfactoria.

3. No resto da capacidade de transmisión dixital da canle múltiple que se utilice para a transmisión de programas de televisión dixital local, incluírase toda a información relacionada con eles.

Artigo 7. *Coordinación internacional.*

As características técnicas das estacións de televisión dixital local estarán suxeitas ás modificacións que puidesen derivar da aplicación dos procedementos de coordinación internacional previstos no Acordo de Estocolmo, do 23 de xuño de 1961, no Acordo de Xenebra, do 8 de decembro de 1989, e no Acordo de Chester, do 25 de xullo de 1997, así como en calquera outro acordo internacional posterior que puidese vincular o Estado español no marco da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT) ou da Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT).

Artigo 8. *Taxa por reserva de dominio público radioelétrico.*

As entidades habilitadas para prestar o servizo de televisión dixital local deberán satisfacer a taxa por reserva de dominio público radioelétrico, establecida no número 3 do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e devengarase de conformidade co disposto na lexislación vixente, sen prexuízo doutras taxas ou tributos que sexan exixibles polas normas aplicables polas distintas administracións públicas.

Artigo 9. *Cálculo da taxa.*

1. O cálculo da taxa por reserva de dominio radioelétrico realizarase conforme o establecido pola lexislación vixente. En particular, os parámetros superficie e densidade de poboación establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado corresponden, respectivamente, á superficie total da zona de servizo e á densidade de poboación avaliadas durante a planificación.

2. A extensión da zona de servizo cara a outras localidades non especificadas no ámbito de cobertura da planificación orixinal suporá a actualización da superficie total e da densidade de poboación para efectos de cálculo da taxa por reserva de dominio radioeléctrico.

Artigo 10. *Inspección técnica das instalacións.*

1. Finalizadas as instalacións e con carácter previo ao comezo da prestación do servizo, solicitaráselle á Axencia Estatal de Radiocomunicacións a inspección técnica das instalacións. Este órgano disporá dun prazo de tres meses para verificar que as instalacións se axustan ao proxecto técnico aprobado.

2. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, as instalacións non poderán ser postas en servizo mentres non sexan favorablemente verificadas pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións. Non obstante, no momento en que se comunique a finalización das instalacións demandando a súa inspección técnica, poderáselle solicitar á Axencia Estatal de Radiocomunicacións a autorización para realizar emisións temporais en probas e, en tal caso, só se poderán efectuar nas condicións que se establezan.

3. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá, en calquera momento, inspeccionar as instalacións. A entidade responsable das instalacións estará obrigada a subministrar canta información lle sexa requirida de conformidade co artigo 9 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Así mesmo, a entidade responsable das instalacións estará obrigada a cumprir as instrucións que deriven da inspección para adaptarse ás características técnicas autorizadas ou para resolver as situacións de interferencias prexudiciais.

Disposición adicional primeira. *Modificación das canles de emisión.*

1. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá modificar as canles de emisión das estacións de televisión, tanto con tecnoloxía analóxica como dixital, cando se requira por compatibilidade radioeléctrica entre estacións ou por coordinación radioeléctrica internacional.

2. As modificacións das canles de emisión notificaráselles aos titulares do dereito de uso do dominio público radioeléctrico e, se é o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma, logo de procedemento que instruírá a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, con audiencia aos interesados e ponderándose a totalidade dos intereses en xogo, todo isto de acordo cos criterios de proporcionalidade e obxectividade.

Disposición adicional segunda. *Cambio de canle en estacións de televisión analóxica.*

1. En execución do disposto no artigo 19 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, as estacións de televisión dixital local non se poderán pór en funcionamento ata despois de que se produza o cambio efectivo da canle de emisión nas estacións de televisión analóxica legalmente establecidas conforme a Lei 4/1980, do 10 de xaneiro, do Estatuto da radio e a televisión, a Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e a Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, e cuxa calidade do servizo se puidese ver afectada.

2. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións notificará a canle substituta a cada unha das entidades habilitadas que dispoñan do dereito de uso da canle orixe nas estacións de televisión analóxica afectadas, e establecerá a data límite para o inicio do período de tran-

sición, que como mínimo será de dous meses, durante o cal as emisións se difundirán asemade pola canle orixe e pola canle substituta.

3. As emisións de televisión na canle substituta iniciaranse, como máis tarde, na data de inicio do período de transición. As emisións de televisión na canle orixe deberán cesar na data de fin do período de transición se durante este existiu unha recepción con calidade satisfactoria na canle substituta.

4. As entidades habilitadas a que se refire esta disposición adicional deberán comunicar á Axencia Estatal de Radiocomunicacións as datas concretas de inicio e fin das emisións en cada canle antes de transcorreren dúas semanas desde que se producise o evento.

Disposición adicional terceira. *Titularidade e xestión conxunta da canle múltiple.*

1. A titularidade da concesión de dominio público radioeléctrico, anexa á concesión do servizo de televisión dixital local, será compartida entre as entidades que accedan ao aproveitamento de programas dentro dunha mesma canle múltiple.

2. As entidades que accedan ao aproveitamento de programas dentro dunha mesma canle múltiple de televisión dixital local, sen prexuízo do dereito exclusivo á súa explotación, establecerán de común acordo entre si a mellor xestión de todo o que afecta a canle múltiple no seu conxunto ou as regras para esa finalidade.

3. Sen prexuízo das competencias que lles correspondan ás comunidades autónomas, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións arbitrará nos conflitos que poidan xurdir entre as entidades que accedan ao aproveitamento de programas dentro dunha mesma canle múltiple de televisión dixital local, de conformidade co establecido na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Disposición adicional cuarta. *Data de inicio das emisións de televisión, con tecnoloxía dixital, polos entes públicos autonómicos.*

1. As entidades públicas que dispoñen da oportuna concesión para explotar o servizo de televisión de ámbito autonómico con tecnoloxía analóxica, de conformidade coa Lei 46/1983, do 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, e que se encontren habilitadas para prestar o servizo de televisión con tecnoloxía dixital, deberán iniciar as emisións empregando esta tecnoloxía antes do 1 de xaneiro de 2005, utilizando os programas reservados para o efecto no número 3 da disposición adicional primeira do Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

2. Os programas a que se refire o punto anterior estarán integrados nas canles especificadas, para o ámbito territorial correspondente, no anexo II do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, aprobado polo Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, e deberán alcanzar unha cobertura do 50 por cento da poboación do seu ámbito territorial aos seis meses do inicio de emisións, do 80 por cento da poboación do seu ámbito territorial aos dous anos e do 95 por cento da poboación do seu ámbito territorial antes do 31 de decembro de 2011.

Disposición adicional quinta. *Identificación de programas de televisión dixital terrestre.*

As obrigas que se impoñan para a utilización das canles múltiples de televisión con obxecto de facilitar a identificación de programas polos receptores de tele-

visión dixital terrestre deberán selles comunicar á Comisión do Mercado das Telecomunicacións e ao Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, para posibilitar a coordinación técnica nos ámbitos de cobertura estatal, autonómico e local.

Disposición adicional sexta. *Determinación do modo de xestión das canles múltiples.*

1. A decisión sobre o modo de xestión e o control da xestión directa ou dos concesionarios do servizo público de televisión local, nos supostos de canles reservadas conforme o sinalado no artigo 3.3 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, corresponderalles aos municipios incluídos dentro da demarcación, atendendo a criterios de poboación, por calquera dos medios de colaboración entre administracións previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo dos requisitos adicionais que poida establecer a normativa das comunidades autónomas.

2. Nos supostos de canles reservadas de conformidade co disposto no artigo 3.2 da Lei 41/1995, do 22 de decembro, de televisión local por ondas terrestres, a decisión sobre o modo de xestión e o control da xestión directa ou dos concesionarios corresponderalle ao pleno do concello a cuxo favor se efectuase a reserva, salvo cando inclúan dentro da demarcación municipios cuxa poboación de dereito sexa superior aos 100.000 habitantes; en tal caso será de aplicación o disposto no punto anterior.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio ata a constitución efectiva da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

Ata a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, a competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos á planificación, á xestión e ao control do dominio público radioeléctrico continuarán correspondendo aos órganos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que a tiñan atribuída ata a entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.*

Introdúcese unha nova disposición transitoria cuarta ao Real decreto 2169/1998, do 9 de outubro, polo que se aproba o Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, do seguinte teor:

«Disposición transitoria cuarta. *Obrigas de cobertura relacionadas coa extensión da tecnoloxía dixital.*

As entidades concesionarias do servizo público de televisión dixital terrestre de ámbito nacional, que non sexan titulares doutra concesión obtida conforme o previsto na Lei 10/1988, do 3 de maio, de televisión privada, quedan exentas do cumprimento das obrigas que poidan derivar da aplicación do artigo 7 do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre, limitando a súa obriga de cobertura ao 25 por cento da poboación nacional, ata que

por resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, se considere que á vista do grao de penetración da tecnoloxía dixital, procede que, no prazo que se lles fixe, se incorporen á fase de introdución que naquel momento sexa de aplicación. Procederá a incorporación á fase de introdución sinalada anteriormente en todo caso o 31 de decembro de 2006 ou, con anterioridade a esta data, se o grao de penetración da tecnoloxía dixital alcanza o 20 por cento.»

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Ciencia e Tecnoloxía para ditar cantas disposicións e medidas se estimen necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de marzo de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Ciencia e Tecnoloxía,
JUAN COSTA CLIMENT

PLAN TÉCNICO NACIONAL DA TELEVISIÓN DIXITAL LOCAL

Artigo 1. *Zona de servizo.*

1. A zona de servizo de cada canle múltiple de televisión dixital local estará constituída polos termos municipais das localidades que integran o seu ámbito de cobertura.

2. No interior da zona de servizo deberá asegurarse a captación dos sinais de televisión dixital local con calidade satisfactoria en condicións de recepción fixa.

3. Será precisa a autorización previa do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para a extensión da zona de servizo cara a outras localidades non especificadas no ámbito de cobertura da planificación orixinal. A tramitación da solicitude de autorización realizarase a través do órgano competente da comunidade autónoma. O prazo para outorgar a autorización a que se refire este punto e para notificar a resolución será de tres meses. De conformidade co disposto polo artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcorrido o prazo sinalado sen que se notificase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entender desestimadas as súas solicitudes de autorización por silencio administrativo negativo.

4. No interior da zona de servizo poderase reclamar a protección fronte a interferencias prexudiciais co fin de obter unha calidade de servizo satisfactoria en condicións de recepción fixa.

Artigo 2. *Potencia radiada aparente.*

1. As estacións de televisión dixital local non poderán superar a potencia radiada aparente máxima establecida para cada demarcación na planificación.

2. En calquera caso, as características de radiación das estacións de televisión dixital local deberán ser conformes coa lexislación vixente en materia de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

Artigo 3. *Polarización das emisións.*

A polarización das emisións será horizontal. Non obstante, a utilización doutras polarizacións poderá autorizala a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, nas condicións que se determinen para garantir unha calidade de servizo satisfactoria e asegurar a compatibilidade radioeléctrica con outras estacións. A tramitación da solicitude de autorización realizarase a través do órgano competente da comunidade autónoma. O prazo para outorgar a autorización a que se refire este artigo e para notificar a resolución será de tres meses. De conformidade co disposto polo artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcorrido o prazo sinalado sen que se notificase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entender desestimadas as súas solicitudes de autorización por silencio administrativo negativo.

Artigo 4. *Instalación de estacións en rede de frecuencia única.*

1. A cobertura da zona de servizo, con calidade de recepción satisfactoria, pode requirir a instalación, logo de autorización, de varias estacións transmisoras integradas nunha rede de frecuencia única na mesma canle múltiple.

2. En ningún caso se poderá superar o valor expresado da potencia radiada aparente máxima en ningunha das estacións que configuran a rede de frecuencia única, nin se poderá superar a intensidade de campo máxima permitida nas zonas de servizo doutras estacións de televisión que utilizan a mesma canle.

Artigo 5. *Localización das estacións transmisoras.*

1. As estacións de televisión dixital local estarán situadas dentro da súa zona de servizo. Excepcionalmente, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá autorizar a utilización duna localización próxima, situada fóra da súa zona de servizo, se non existise outra localización na zona de servizo que permita proporcionar unha calidade tecnicamente satisfactoria en condicións de recepción fixa, e non se cause agravio comparativo respecto doutras estacións de televisión local.

2. A localización das estacións transmisoras, como parte integrante do proxecto técnico das instalacións deberá ser aprobado pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións e deberá contar con todas as autorizacións necesarias, en particular no que se refire ás servidumes aeronáuticas.

3. A tramitación das solicitudes de cambio de localización das estacións transmisoras realizarase a través do órgano competente da comunidade autónoma.

4. O prazo para outorgar a autorización a que se refire este artigo e para notificar a resolución será de tres meses. De conformidade co disposto polo artigo 43.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, transcorrido o prazo sinalado sen que se notificase a resolución expresa, os interesados estarán lexitimados para entenderen desestimadas as súas solicitudes de autorización por silencio administrativo negativo.

Artigo 6. *Intensidade de campo máxima permitida.*

1. A intensidade de campo interferente de calquera estación de televisión dixital local en calquera punto de

lugares poboados da zona de servizo doutra estación de televisión dixital, nacional ou estranxeira, que funcione na mesma canle, non poderá ser superior a 40dB μ V/m.

2. Igualmente, a intensidade de campo interferente de calquera estación de televisión dixital local en calquera punto de lugares poboados da zona de servizo doutra estación de televisión analóxica, nacional ou estranxeira, que funcione na mesma canle, non poderá ser superior a 31dB μ V/m nas canles 21 a 34, nin ser superior a 36dB μ V/m nas canles 35 a 65.

Artigo 7. *Especificacións técnicas dos transmisores.*

1. As especificacións técnicas dos transmisores das estacións de televisión dixital local, tales como a modulación das portadoras, a taxa de codificación fronte a erros e o intervalo de garda entre símbolos, serán conformes co modo 8k da Norma europea de telecomunicacións EN 300 744.

2. Os equipamentos transmisoros deberán dispoñer da declaración de conformidade coas especificacións técnicas de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 8. *Canles múltiples adxudicadas en cada demarcación.*

As canles múltiples inicialmente adxudicadas a cada demarcación, con expresión entre outros do ámbito de cobertura e da potencia radiada aparente máxima, relaciónanse a seguir:

Comunidade Autónoma de Andalucía

Referencia: TL01AL.

Denominación: Albox.

Canle múltiple: pendiente*.

Potencia radiada aparente máxima: 50 W.

Ámbito: Albox, Olula del Río, Macael, Tíjola, Cantoria, Fines e Purchena.

Superficie total: 461,79 km².

Densidade de poboación: 72 habitantes/km².

Referencia: TL02AL.

Denominación: Almería.

Canle múltiple: 34.

Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.

Ámbito: Almería, Huércal de Almería e Viator.

Superficie total: 337,76 km².

Densidade de poboación: 562 habitantes/km².

Referencia: TL03AL.

Denominación: Ejido.

Canle múltiple: 60.

Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.

Ámbito: Ejido (El), Roquetas de Mar, Adra, Vícar, Berja, Mojonera (La) e Dalías.

Superficie total: 1.171,01 km².

Densidade de poboación: 152 habitantes/km².

Referencia: TL04AL.

Denominación: Huércal-Overa.

Canle múltiple: 24.

Potencia radiada aparente máxima: 100 W.

Ámbito: Huércal-Overa, Cuevas del Almanzora, Vera, Pulpi, Garrucha, Mojácar, Antas, Turre, Zurgena e Arboleas.

Superficie total: 1.159,18 km².

Densidade de poboación: 55 habitantes/km².

* Determinarase cando se regularice o segundo programa autonómico de televisión.

Referencia: TL05AL.
 Denominación: Níjar.
 Canle múltiple: 28.
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.
 Ámbito: Níjar e Carboneras.
 Superficie total: 695,23 km².
 Densidade de poboación: 40 habitantes/km².

Referencia: TL01CA.
 Denominación: Algeciras.
 Canle múltiple: 28.
 Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.
 Ámbito: Algeciras, Línea de la Concepción (La), San Roque, Barrios (Los), Tarifa, Jimena de la Frontera e Castellar de la Frontera.
 Superficie total: 1.523,64 km².
 Densidade de poboación: 159 habitantes/km².

Referencia: TL02CA.
 Denominación: Arcos Frontera.
 Canle múltiple: 24.
 Potencia radiada aparente máxima: 500 W.
 Ámbito: Arcos de la Frontera, Villamartín, Bornos, San José del Valle, Espera e Algar.
 Superficie total: 942,69 km².
 Densidade de poboación: 62 habitantes/km².

Referencia: TL03CA.
 Denominación: Cádiz.
 Canle múltiple: 54.
 Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.
 Ámbito: Cádiz, San Fernando, Puerto de Santa María (El) e Puerto Real.
 Superficie total: 326,86 km².
 Densidade de poboación: 1.041 habitantes/km².

Referencia: TL04CA.
 Denominación: Chiclana Frontera.
 Canle múltiple: 52.
 Potencia radiada aparente máxima: 1 kW.
 Ámbito: Chiclana de la Frontera, Barbate, Conil de la Frontera e Vejer de la Frontera.
 Superficie total: 526,22 km².
 Densidade de poboación: 227 habitantes/km².

Referencia: TL05CA.
 Denominación: Jerez Frontera.
 Canle múltiple: 30.
 Potencia radiada aparente máxima: 2 kW.
 Ámbito: Jerez de la Frontera, Sanlúcar de Barrameda, Rota, Chipiona e Trebujena.
 Superficie total: 1.944,10 km².
 Densidade de poboación: 156 habitantes/km².

Referencia: TL06CA.
 Denominación: Olvera.
 Canle múltiple: 27.
 Potencia radiada aparente máxima: 50 W.
 Ámbito: Olvera, Algodonales, Alcalá del Valle, Setenil de las Bodegas, Gastor (El), e Zahara.
 Superficie total: 556,80 km².
 Densidade de poboación: 47 habitantes/km².

Referencia: TL07CA.
 Denominación: Ubrique.
 Canle múltiple: 33.
 Potencia radiada aparente máxima: 100 W.
 Ámbito: Ubrique, Prado del Rey, Grazalema e Bosque (El).
 Superficie total: 272,75 km².
 Densidade de poboación: 101 habitantes/km².

Referencia: TL01CO.
 Denominación: Baena.

Canle múltiple: pendiente*.
